

A Escola FEAPS en Forma organízase territorialmente a través de Aulas Federativas, unha por cada comunidade autónoma, co fin de poder ofrecer formación de xeito descentralizado e chegar ao maior número de entidades posibles.

Os cursos non poderán ser solicitados individualmente. As solicitudes deberán ser efectuadas polas asociacións ou entidades ás que pertencen os interesados.

Horarios: Os distintos tipos de cursos organizaranse ou coordinarán a través das aulas federativas de acordo coas necesidades dos alumnos de cada curso.

Custo de matrícula: A establecer por cada aula federativa de FEAPS en Forma.

Máis información: A través do responsable de formación das federacións ou da confederación.



 **Feaps en Forma**
escuela de dirigentes

 **Feaps en Forma**
escuela de dirigentes



FEAPS

Confederación Española de
Organizaciones en favor
de las Personas con
Discapacidad Intelectual

General Perón, 32, 1º
28020 Madrid
Tlf.: 91 556 74 53
91 556 74 13
Fax: 91 597 41 05
e-mail: feaps@feaps.org
www.feaps.org

 **Feaps en Forma**
escuela de dirigentes

Para **A** aprender
LIDERAR



A Escola conta cunha rede de **68 formadores cualificados** (directivos e profesionais de FEAPS), de 11 comunidades autónomas. Estes formadores pasaron por un proceso formativo de 65 horas, deseñado e impartido por un equipo multidisciplinar de docentes do movemento asociativo FEAPS

FEAPS en Forma nace no ano 2004 para crear un espazo de aprendizaxe para dirixentes (directivos e xerentes) das organizacións que integran FEAPS. O obxectivo é ofrecerlles un espazo para capacitalos que lles permita liderar, gobernar e facer progresar as súas entidades, de acordo coa misión, visión e valores do noso movemento asociativo.

Para afrontar os retos dun ámbito cada vez máis cambiante, en 2009 relanzamos **FEAPS en Forma** con contidos actualizados.

FEAPS en Forma conta coa seguinte oferta formativa:

- Curso básico de formación de directivos- para membros de xuntas directivas de distintas entidades.
- Curso básico de formación adaptado- para equipos directivos completos dunha mesma entidade.

Ademais, a escola irá programando gradualmente:

- Cursos de especialización- para os que realizaron o curso básico e queiran profundar nun tema concreto.
- Curso básico de formación de xerentes- para xerentes e directores de distintas entidades.



Os obxectivos da escola son:

- Que os dirixentes de FEAPS compartan un mesmo modelo cultural en relación ás persoas con discapacidade intelectual, ás súas familias, á Misión, Valores e ao Asociacionismo, co fin de que lles sirva como referencia fundamental para orientar as súas organizacións.
- Que os dirixentes de FEAPS adquiren capacidade de pensamento estratéxico que lles permita xestionar a súa organización con visión de futuro.
- Que os directivos coñezan con claridade cal é o seu papel e o dos xerentes e técnicos co fin de propiciar un desempeño complementario.
- Que os directivos adquiren as habilidades necesarias para exercer o devandito papel.

Curso básico para dirixentes

Contido:

Módulo 0: Introdución xeral do curso

Módulo I: Cultura e proxecto común do movemento asociativo FEAPS

Cultura FEAPS.
A ética FEAPS.
Calidade FEAPS.

Módulo II: As persoas

As persoas con discapacidade intelectual e as súas familias:
a importancia dos apoios.
Calidade de vida.
Os Dereitos.



Módulo III: Comprender as nosas organizacións e o modelo de organización que necesitamos

Concepto de asociación e boas prácticas asociativas.
Características das nosas organizacións.
Caso práctico: organización virtual.
Grupos de interese.
As asociacións e a xestión de servizos.
A política de persoas.

Módulo IV: O papel dos Directivos

Liderado.
O poder nas entidades do movemento FEAPS.
Clarificación dos roles dos dirixentes.

Módulo V: Procesos e ferramentas para que os directivos traballen e avancen: o futuro

A nosa organización debe orientarse: a planificación estratéxica.
"Vivimos en sociedade". A xestión do ámbito.
¿Que habilidades como directivos podemos mellorar?

Duración: Mínimo 40 horas

NOTA: Este curso é un dos requisitos para o acceso ás etapas de despregamento e calidade do Sistema de Calidade FEAPS e a súa acreditación.